

VI CERTAME de debuxo, conto e relato “FALANDO DE SOLIDARIEDADE”

convocado polo CEIP Padre Crespo de Xunqueira de Ambía.

En memoria de Celtia e Eva.

Nos centros educativos atopámonos co difícil reto de fomentar unha serie de valores que en moitos casos van contracorrente nunha sociedade cada vez máis distante dos mesmos.

Non encontramos un mellor xeito de exemplificalos e lévalos á práctica que a través da perspectiva das nosas alumnas e alumnos, protagonistas fundamentais do sistema educativo e futuros piares da sociedade. Para isto, terán que expresarse mediante un debuxo, contándonos algún conto ou narrándonos pequenas historias que nos falen de solidariedade e aqueles valores que xiran arredor do seu significado: axuda, apoio, amizade, respecto, integración, colaboración, compañeirismo, igualdade...

Temática: “As mestras e os mestres: unha historia de vocación solidaria”

Queremos que o alumnado participante poña en valor a labor de tantas e tantos mestras e mestres que ao longo dos tempos puxeron por diante a vocación para levar a cabo a súa tarefa educativa. Moitas veces nunhas pésimas condicións, sen medios, nun entorno rural alonxado, sen comunicación nin comodidades, pasando calamidades e fame, como nos di o refraneiro popular, ou desgraciadamente, sendo perseguidos ou incluso entregando as súas vida por cuestións ideolóxicas.

Ao mesmo tempo, non podemos esquecernos do alumnado que asistía a aquelas aulas: as nosas e os nosos maiores e non tan maiores, que sempre teñen moito que contarnos. A súa visión é fundamental para entender o papel da escola como transformadora vital, como porta aberta a un mundo cheo de posibilidades, de igualdade de oportunidades, antes alcanzables tan só para uns poucos e aínda menos se falamos en feminino.

Nesta edición os debuxos, contos, relatos ou ensaios, ademais das fotos ou vídeos, versarán sobre a escola. Unha escola moi diferente á de hoxe en día. Queremos que investiguedes, que preguntedes, que compartades cos vosos familiares pequenas historias. Que a través dos seus ollos, das súas lembranzas e recordos poñamos en valor o seu sacrificio e penurias para asistir ás aulas con aquelas mestras e mestres que en moitos casos eran auténticas heroínas e heroes... As súas vivenzas, inquedanzas, a falla de medios, os seus intereses, os seus xogos, que estudaban, como eran aquelas clases, as varas dos mestres...

Experiencias duns tempos e dunha época especialmente dura, que deixou marca en moitas xeracións e que non podemos esquecer para valorar o que temos na actualidade.

Somos realmente conscientes da importancia que tivo, ten e terá a escola e o profesorado nas nosas vidas?

Na construción da sociedade? Dunha sociedade máis xusta e solidaria?

Que escola queremos? Valoramos realmente hoxe en día a relevancia da escola e a labor do profesorado?

BASES DO CONCURSO:

1. Poderán participar rapaces e rapazas que presenten obras orixinais e inéditas en galego. O xurado valorizará a orixinalidade literaria, a riqueza lingüística e a corrección gramatical de acordo coas diferentes categorías e idades dos participantes.
2. **Establécense diferentes categorías:**

-Alumnado de Educación Infantil: debuxos con ou sen texto presentados nos folios oficiais a tal efecto.

-Alumnado de 1º e 2º de Primaria: debuxos con ou sen texto presentados nos folios oficiais a tal efecto.

-Alumnado de 3º e 4º de Primaria: contos ou relatos, ata un máximo de 2 folios. Se van acompañados de ilustracións, empregaranse para as mesmas os folios oficiais.

-Alumnado de 5º e 6º de Primaria: contos ou relatos, ata un máximo de 2 folios. Se van acompañados de ilustracións, empregaranse para as mesmas os folios oficiais.

-Alumando da ESO e Bacharelado:

a. relatos ou ensaios de ata un máximo de 2 folios.

b. Categoría de FOTOS e VÍDEOS denuncia sobre o “mundo dos nosos maiores”

NON importa forma e tamaño nin dispositivo dende o que se realice (cámara, tablet, teléfono)

3. **Presentación:**

a. Debuxos: nos folios oficiais. Deberán levar unha pequena explicación na parte posterior.

b. Contos: folios din A4, letra times new roman 12 a dobre espazo. Se son ilustrados nos folios oficiais.

c. Relatos: folios din A4, letra times new roman 12 a dobre espazo. No caso de achegar portada ou ilustración, faranse nos folios oficiais.

d. As fotos e os vídeos (máximo 3 min.) deberán ir acompañadas dunha explicación das imaxes: lugar, acción que se denuncia, efectos no medio, propostas de mellora...

e. As obras deberán ir asinadas cun pseudónimo e indicarse o centro escolar do alumno ou alumna.

4. **Prazo e lugar de presentación:**

As obras recibidas ata o **27 de maio**, nas seguintes Bibliotecas:

- CEIP Padre Crespo de Xunqueira de Ambía e Biblioteca do Concello

- CEIP Padre Feijoo de Allariz, IES de Allariz e Biblioteca do Concello

- No seguinte enderezo electrónico: ceip.padre.crespo@edu.xunta.es

- Por correo ordinario ao enderezo: CEIP Padre Crespo – Estrada de Maceda s/n

32670 Xunqueira de Ambía - Ourense

5. **Premios**

- Infantil

• 1º premio: bono de 50€ para material escolar, xogo didáctico e lote de libros.

• 3 finalistas: bono de 25€ para material escolar, xogo didáctico e lote de libros.

- 1º e 2º de Primaria

• 1º premio: bono de 50€ para material escolar, xogo didáctico e lote de libros.

• 2 finalistas: bono de 25€ para material escolar, xogo didáctico e lote de libros.

- 3º e 4º de Primaria

- 1º premio: bono de 50€ para material escolar, xogo didáctico e lote de libros.
 - 2 finalistas: bono de 25€ para material escolar, xogo didáctico e lote de libros.
 - 5º e 6º de Primaria
 - 1º premio: mini tablet, bono de 50€ para material escolar e lote de libros.
 - 2 finalistas: bono de 25€ para material escolar, xogo didáctico e lote de libros.
 - 1º Ciclo Secundaria:
 - 1º premio: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 50 € para material escolar e lote de libros.
 - Finalista: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 25 € para material escolar e lote de libros.
 - 2º Ciclo Secundaria:
 - 1º premio: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 50 € para material escolar e lote de libros.
 - Finalista: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 25 € para material escolar e lote de libros.
 - Bacharelato
 - 1º premio: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 50 € para material escolar e lote de libros.
 - Finalista: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 25€ para material escolar e lote de libros.
 - Categoría Fotos e vídeos
 - 1º premio: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 50€ para material escolar e lote de libros.
 - Finalista: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 25€ para material escolar e lote de libros.
6. Comporán o xurado os encargados e encargadas das Bibliotecas dos Concellos de Xunqueira de Ambía e Allariz e das Bibliotecas Escolares dos Centros educativos de diferentes localidades da provincia así coma membros do equipo de profesorado dos mesmos.
 7. O fallo do xurado farase público na semana da engrega de premios.
 8. O xurado resérvase o dereito de admisión daquelas obras que poidan atentar contra a intimidade ou imaxe de terceiros ou conter comentarios e expresións inapropiadas.
 9. **A entrega de premios terá lugar na Colexiata de Santa María en Xunqueira de Ambía o venres 31 de maio do 2019 a partires das 17:30 h.**
 10. As obras poderán ser publicadas ben a través dos blogs e páxinas web dos centros educativos ou ben editadas en formato papel.
 11. A participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases.

Entidades colaboradoras: Concello de Xunqueira de Ambía, Editorial Galaxia, Librarías Aira das Letras de Allariz e Punto e Coma en Ourense, as Bibliotecas dos Centros Escolares e dos Concellos de Xunqueira de Ambía e Allariz e do IES Cidade de Antioquía de Xinzo de Limia.